XORNADA MAXISTRAL:

XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS NA EMPRESA:

A batalla ACTIVA da prevención

Data: 20 de Setembro de 2013

Horario: 09:00 a 14:00 horas

Lugar de celebración: CASA DO MAR C/Clemente Martínez Pasaron s/n RIBADEO (LUGO)

Asistentes: 35 participantes

cel Confederación de Empresarios de Lugo

CEG CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FINANCIA

Presentación:

A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) organiza a presente xornada ao amparo da *Orden de 30 de Abril de 2013* pola que establécense as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2013.

Os riscos que pódense derivar da actividade das distintas empresas sempre foron unha das preocupacións das Administracións Públicas e da sociedade en xeral. Por iso, desde a Confederación de Empresarios de Lugo promovemos diversas accións relacionadas coa prevención de riscos para reforza-la prevención e a seguridade e saúde dos traballadores.

Hoxe en día, as empresas tomaron conciencia da necesidade de previr contra calquera risco que poida conlevar unha actividade na área de traballo. Un Plan de Prevención Laboral ten que entenderse coma unha inversión, nunca coma un gasto mais, dirixido exclusivamente ao cumprimento limitado da lei vixente. O control dos riscos laborais pode xerar importantes beneficios a corto e a longo prazo.

Como introdución ao que significa a organización da prevención na empresa, é bo lembrar, aínda que insistamos moito niso, que o obxectivo da prevención de riscos laborais consiste en reducir ao máximo a posibilidade de que as persoas sufran danos como consecuencia do seu traballo, evitando os accidentes e as enfermidades laborais. Levar a cabo esta valiosa finalidade social —a importancia que ten conserva-la saúde é incuestionable— implica actuar sobre todas aquelas condicións de traballo que poidan representar un perigo para as persoas, o cal nos empurra, necesariamente, a recorrer as estruturas organizativas que faciliten a implantación da prevención nun entorno tan complexo como é o mundo do traballo.

É por iso interesante dedicar unha xornada a reflexionar sobre a busca do mellor camiño para a **IMPLANTACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA.**

PROGRAMA:

09:00 - 09:30	Recollida de documentación
09:30 – 10:30	"Xestión da Prevención na Empresa" **D. Fernando Barrera Nadela** *Técnico de Prevención de Riscos (FREMAP)*
10:30 – 10:40	Pausa
10:40 – 11:40	"Responsabilidades e Sancións en materia preventiva" **D. Nicolás González Raposo** *Xefe de Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo*
11:40 – 12:00	Pausa – Café
12:00– 13:00	"A batalla ACTIVA da Prevención" **D. José Ignacio Garrote Freire** *Xefe de Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar Social*
13:00– 14:00	Rogos e preguntas

Material didáctico:

A tódolos asistentes seralles entregado o seguinte material:

- Portafolios, block de notas e bolígrafo.
- Documentación complementaria.

Dirixido a:

Empresarios.

Técnicos de Prevención e Profesionais de Prevención de Riscos Laborais.

Responsables de Saúde Laboral.

Traballadores.

Información e inscricións:

CENTRO DE FORMACIÓN CEL

Tel. 982 28 40 15 / Fax. 982 28 49 90

E-mail: formacion@cel.es

www.cel.es